

SALDOIRA

IES MARTAGUISELA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Oxalá nos deixen camiño para seguir camiñando!

INDICE

XUÑO

2014

- 3 Carta do director
- 4 Andorra 2014
- 5 Ávila e o pico Morezón
- 6 Intercambio en Celanova
- 7 Invitados literarios
- 8 A maxia do xornalismo
- 9 Unha viaxe pola literatura / Na clase de ciencias da natureza
- 10 Letras Galegas 2014
- 11-14 Profesorado e alumnado do IES Martaguisela
- 15 Obradoiro de teatro
- 16-17 Proxecto COMENIUS
- 18 Graduación
- 19-20 Antigo alumnado
- 21 Quen é quen?
- 22 Non todo son saídas

Carta do director



Antonio Liébana del Valle

A inoperancia, tanto dos políticos que nos gobernan como a daqueles que nos desgobernan e tamén a daqueles que se opoñen a unha cousa e mais á outra, produciu a máis perigosa falta de consenso no momento de redactar a enésima reforma do ensino. Sobre ela xa pende, moito antes de se poñer en práctica, a inexorable espada de Damocles, e a súa derogación, máis que probable, só agarda un cambio de siglas no partido gobernante. Que destino máis efémero o dunha lei que ten nas súas mans a educación e a formación das futuras xeracións dun país!

Pero, por sorte, aquí seguiremos nós, os que traballamos no ensino con todo o noso entusiasmo para suplir todas as de-

ficiencias. Porque, como me dicían a min naquel colexio no que pasei a miña adolescencia: “Dios escribe derecho sobre renglones torcidos...”. E no de escribir dereito si que temos práctica, incluso somos capaces de facelo ben sen ter renglóns (practicamos moito co xiz... ata que chegaron as pizarras dixitais). Así que non se preocupen demasiado. Os que nos adicamos ao ensino saberemos afrontar o reto desta nova lei de educación: a “LOCE”... a “LOSE”? (non... esta non... que é como a anterior, pero en Canarias). A “LONCE”? A “LONGSE”? A...? Non, a “LODE”? Será a “LOE”? Non o sei... Si! A “LOMCE”!!!! Sabía que ao final as ditosas siglas aparecerían!!

Unha semana de esquí. Andorra 2014

O sábado 19 de xaneiro ás 00:00 estabamos no instituto coas maletas agardando o autobús, que traía un retraso de vinte minutos que nos pareceron eternos.

Kevin Bayo (2.º ESO) / Noelia Barreda (2.º ESO)

Ao montar por fin coñecemos aos nosos compañeiros de viaxe: uns rapaces de Monforte que se dirixían ao mesmo destino.

Chegamos a Andorra, pero antes de ir ao hotel necesitabamos comer algo, así que paramos nun centro comercial para dar unha volta e comer.

No hotel repartiron os cuartos (algo que sempre nos interesa moito) e logo de nos instalar fomos alugar o material de esquí que sería imprescindible para as actividades.

Ao día seguinte, ben cedo, ás oito menos cuarto, xa estabamos todos listos no comedor para almorzar ben e ter forzas para o día intenso que nos agar-

daba. Todos estabamos ansiosos por subir á estación de esquí e ao chegar dividímonos en tres grupos: iniciación, avanzado e expertos. Cada grupo tiña o seu monitor, e aí foi onde comezou a verdadeira aventura.

As mañás dedicabámolos a esquiar (como non podía ser doutra forma) e polas tardes podíamos saír para coñecer os arredores e comprar cousas como regalos ou pequenos caprichos.

O xoves ás nove da noite fomos a Caldea, que é un balneario moi coñecido que ofrece unha gama moi ampla de augas termais.

O certo é que o pasamos tan ben que cando chegou o último día da nosa

estancia en Andorra ninguén quería marchar. Logo da última sesión de esquí pola mañá, dirixímonos ao hotel para ducharnos e preparar as maletas. Saímos do hotel para non regresar. Ceamos de maneira libre e logo subimos ao autobús de regreso á casa. Pouco tardamos en durmir, porque estabamos extenuados do esforzo de tantos días de esquí.

Recordamos esta excursión polos seus momentos inesquecibles.: caídas, sorpresas e momentos que sempre quedarán gravados na nosa retina. ¡Aproveitamos para dicirlles aos profes que o próximo ano queremos repetir a experiencia!



Ávila e o pico Morezón. Maio 2014

Alba Pardo (1.º BACH B)



Unha das excursións máis increíbles e divertidas da nosa vida comezou un oito de maio de 2014. Foi tamén unha das excursións máis inesperadas. Acompañados polos profesores Marcos de Educación Física e por Fernando de Xeografía e Historia dirixímonos a Ávila, á Serra de Gredos, para gozar duns días de montaña e aire fresco.

Todo parecía maravilloso ata que chegamos ao albergue onde coñecemos a “simpática” recepcionista. Os cuartos non tiñan chave, as liteiras eran para valentes e os baños de película de terror, con duchas de auga fervendo para os que tiveron sorte...

Pero ao final iso foi o de menos. Coñecemos a cidade de Ávila coa súa preciosa muralla e a “animada” noite de xoves. Pero iso non foi ningún problema, porque xa estabamos nós para

darlle vida nocturna á cidade.

Ao día seguinte as nosas caras falaban por si soas, pero as ganas de aventura podían con todo. Subimos ás montañas cal cabras montesas, rodeados de paisaxes impresionantes e animais que fuxían de nós nada máis chegar.

Á hora de comer chegamos ao pico Morezón onde as vistas eran espectaculares, pero con tan mala sorte que comezou a chover e tocou descender de calquera das maneiras posibles: a reboło, esquiando, co cu arrastras ou con zorras feitas no momento. E, como non, totalmente empapados e cunhas cantas caídas ao lombo grazas á axuda de “maravillosos” compañeiros.

En definitiva, sempre recordaremos esta saída á Serra de Gredos en Primeiro de Bacharelato.

“Valeu a pena? Tudo vale a pena, quando a alma não é pequena” (Fernando Pessoa)

Intercambio de estudantes e excursión a Celanova

Alumnado de 3º ESO B. IES MARTAGUISELA



Grupo do Martaguisela no mosteiro de San Rosendo

IES Martaguisela e IES Armando Cotarelo xuntos

A principios de curso comezamos a cartearnos co alumnado do IES Armando Cotarelo Valledor de Vilagarcía de Arousa. Despois de intercambiarmos varias cartas, o día 3 de xuño partimos cara a Celanova, para coñecernos en persoa. A viaxe en autobús, entre compañeiros e compañeiras, fíxose curta e moi divertida.

Xa alí, en Celanova, a primeira visita foi á casa de Curros Enríquez, onde nos mostraron obxectos persoais do poeta, como os seus característicos anteollos, e nos relataron a súa vida e aventuras.

A continuación enriquecemos os nosos coñecementos cunha visita guiada ao Mosteiro de San Rosendo, ao que pertenceron no seus tempos as Illas Cíes, increíble! Puidemos entrar na súa capela mozárabe do século X e, desde ela, ver onde estivo o poeta Celso Emilio Ferreiro encarcerado.

Pero o que máis nos impresionou foi, sen dúbida, a seguinte actividade: a exposición didáctica sobre a historia e o funcionamento do órgano da igrexa do mosteiro. Foi emocionante poder tocar a fruta co acompañamento daquel gran órgano.

Aínda agora, cando o lembramos, pónsenos a pel de pita. Tras unha mañá de intensa aprendizaxe, dirixímonos cara a alameda cheos de fame, para coñecer aos novos amigos e xantar xuntos. Ao principio todos tiñamos moita vergoña, pero pouco a pouco comezamos a falar e a presentarnos. Todos eran boas persoas e moi simpáticos. Fixemos xogos mentres nos íamos coñecendo e non paramos de rir. Incluso botamos un pequeno partido de fútbol, no que saímos gañadores.

Xa para finalizar, fomos todos xuntos visitar Vilanova dos Infantes, onde o cura nos mostrou a famosa Virxe do Cristal, cuxa lenda inspirou a Curros na obra do mesmo nome. A virxe resultou ser moi diferente do que nós imaxinamos cando nos explicaron a obra de Curros na clase.

Cando chegou a hora de marchar, despedímonos en Vilanova dos Infantes cunha grande aperta, algúns moi tristes pola separación.

Foi unha grande excursión que hai que repetir!

Invitados literarios

Dúas formas de crear literatura.

Alfredo Gómez Cerdá e David Fernández Sifres


Alumnado de 3.º ESO C

Neste curso 2013-2014 viñeron ao IES Martaguisela dous importantes escritores de literatura xuvenil: David Fernández Sifres e Alfredo Gómez Cerdá. O primeiro recibiu o Premio Alandar da literatura xuvenil polo seu libro *El faro de la mujer ausente*, e o segundo o Premio Hache 2013 pola súa novela *El rostro de la sombra*.

Foi moi interesante escoitar a David Fernández Sifres contándonos que a idea da súa novela xurdiu a partir da súa experiencia como bolseiro nun curso de francés en Normandía. Sifres amosounos fotos dos lugares que están tamén presentes na novela, coma un búnker que serviu de refuxio durante a Segunda Guerra Mundial ou as fermosas praias que no ano 1944 foron o escenario dunha das batallas máis crueis da historia mundial: o desembarco de Normandía. Pola contra, Alfredo Gómez

Cerdá confesounos que el nas súas novelas non fala de feitos reais, aínda que é certo que con frecuencia se inspira en sucesos que acontecen e que teñen unha importante repercusión social. Cerdá explicou que desexa que as súas novelas sirvan para facernos reflexionar e que por iso trata de mover a conciencia da xente nova para evitar actos tan inxustos coma o bullying entre escolares ou feitos violentos que poden provocar accidentes mortais (como ocorre na súa novela *El rostro de la sombra*).

A partir do coloquio mantido con ambos os dous autores, puidemos comprobar que o exercicio de escribir é ben diferente duns creadores a outros. Non obstante, sempre hai un aspecto compartido: a paixón por escribir e o feito de que a literatura constitúe unha fórmula para mover consciencias, así como para crear novos mundos.



Cerdá asinando libros



Con David Fernández Sifres


Todos somos: a manipulación nos medios de comunicación

O día 26 de maio o autor de *Todos somos* (Xerais, 2013), Marcos Calveiro, chegou ao IES Martaguisela para falarnos da súa novela. O autor centrou a súa atención no mal tratamento que os medios de comunicación fan de novas como a desaparición dunha moza. Por iso recordou casos como o das nenas de Alcàsser ou o recente asasinato de Asunta en Santiago de Compostela.

El mesmo nos contou que un día que tivo que acudir aos xulgados de Santiago como avogado foi abordado por xornalistas para obter información sobre o caso Asunta. Este feito demostra que as canles de televisión non teñen sentimentos nin escrúpulos con tal de conseguir exclusivas e ter contento a un público que gusta deste tipo de programas de murmuracións.

Marcos Calveiro sorprendeunos contándonos que case non tiña ocasións para escribir. É polas noites cando se centra na escritura e confesou que lle encantaría poder vivir dos libros que publica, pero que ata o momento non o conseguiu, polo que aínda ten que seguir traballando de avogado.

Grazas a Marcos Calveiro por ofrecernos esa visión crítica sobre a sociedade na que vivimos, porque o certo é que moitas veces vivimos cos ollos pechados.



Marcos Calveiro asinando a súa novela

Conversando con Rosa Huertas

Giselle Romero Roa (3.º ESO C)



Con Rosa Huertas

O día 25 de marzo a escritora madrileña Rosa Huertas visitou o IES Martaguisela para descubrir os segredos da súa obra *Tuerto, maldito y enamorado* (Edelvives, 2010).

A autora sorprendeunos ao contarnos que para esta novela inspirouse en escenarios e personaxes reais coma o escritor Lope de Vega, a súa filla Antonia Clara ou a criada Lorenza Sánchez. Ademais, de maneira gráfica, Rosa Huertas conduciu polo Madrid do século XVII e da súa man entramos na casa de Lope ou no instituto San Isidro, antigo Colexio Imperial no que estudaron grandes figuras da Literatura e da Ciencia.

Ademais de magnífica escritora, Rosa Huertas é tamén profesora de Lingua castelá e Literatura. Ela confesounos que desde pequena o seu gran soño era dar clase e que, en lugar de xogar a “mamás”, ela prefería xogar a “profes” coas súas bonecas.

Tamén a súa vocación de escritora lle vén de lonxe, porén tardou moito tempo en comprender que as súas creacións literarias eran dignas de ser publicadas. Agora afirma que o seu gran soño é seguir escribindo, unha necesidade vital para ela, e publicando.

A esta muller delgada, de melena clara e mirada directa gústalle conversar co seu público, e iso nótase. Ela contounos que escribir era un exercicio moi solitario e que a única maneira de coñecer que sentimentos despertan os seus libros era achegándose aos seus lectores. Para ela estes contactos son un momento moi feliz, que lle “recarga as pilas” para continuar creando literatura.

Rosa Huertas despediuse de nós dándonos un gran consello: “é importante que vos acheguedes a todo tipo de literatura, pero, ante todo, tendes que ir medrando como lectores para que pouco a pouco tracedes o camiño da literatura que máis vos gusta”.

Estamos desexando que se publique a súa nova novela porque realmente este curso Rosa Huertas foi un descubrimento moi grato. Grazas, Rosa, por escribir e por achegarte a nós.

A maxia do xornalismo

Clase de 3º C



Na clase de 3.º C na materia de Ámbito Sociolingüístico, fixemos maxia grazas ao xornalismo, como? Pois grazas ao País de los Estudiantes.

Un día chegou a titora a clase e propúxonos participar no proxecto liderado polo

xornal *El País* e que consistía en crear un xornal que podía ser dixital ou en papel. O primeiro que preguntamos foi se había premio e quedamos “súper mega sorprendidos” cando comprobamos que podíamos gañar 12.000 euros para facer unha viaxe. Inmediatamente aceptamos.

O seguinte paso consistiu en inscribirmos, formar equipo e elixir facer un xornal dixital. Cal foi a nosa sorpresa cando un día calquera recibimos unha caixa chea de libros e de películas, tan só por ternos inscrito no programa!

Tomamos a decisión de redactar noticias referidas á nosa vila, intentando ser orixinais e non copiar de ningún medio

xornalístico. Por iso foi que traballamos nós mesmos como xornalistas e entrevistamos a escritores como Alfredo Gómez Cerdá, Rosa Huertas, David Fernández Sifres e Marcos Calveiro. Pero tamén saímos á rúa para entrevistar a xente que andaba polo noso Malecón para investigar como lles afectaba a crise económica. A partir dos datos recollidos elaboramos un traballo de investigación para o noso xornal. Pero por se isto fose pouco, tamén visitamos a exposición de fútbol da Casa da Cultura e entrevistamos a Ricardo Prada, adestrador dos xuvenís do CD. Barco. Tamén superamos as fronteiras da clase cando nos desprazamos ao Foro de *La Región* para escoitar ao pedagogo e profesor Fernando Alberca que nos deu unha auténtica lección de como comprendernos a nós mesmos. Así fixemos maxia: traballando en equipo, discutindo entre nós, pelexándonos, tirando fotos para os diferentes artigos e vendo que o resultado final mereceu a pena. Cando vimos a portada, tan chea de cores, coas nosas fotos e os nosos artigos ilusionámonos e pensamos que ao mellor había posibilidades de gañar na fase autonómica. E aínda nos ilusionamos máis cando comprobamos que fomos o único centro da provincia de Ourense que publicou o seu xornal dixital. No momento en que estamos escribindo isto agora aínda non temos novas da concesión dos premios. Pero dános igual, estamos moi orgullosos de nós polo traballo feito e confiamos en que o próximo curso o noso xornal será un auténtico éxito. Como di o Cholo Simeone, a un día da Final da Champions en Lisboa, “pode haber mellores rivais, pero con máis ilusión ca nós, poucos”.

Unha viaxe pola literatura

Club de lectura

Un curso máis que case remata e con el tamén alá van as reunións mensuais do club de lectura. Algúns de nós esperabamos con moita ansia que chegase ese luns para poder reunirnos a comentar e, fundamentalmente, a escoitar as aportacións dos nosos compañeiros de lectura. Un ano máis temos que agradecer que un número cada vez máis importante de persoas nos xuntemos para pasar eses momentos tan entretidos, despois de gozar tamén con diferentes libros que nos transportaron desde a Rusia dos zares ata unha Europa (ou outro lugar do mundo) devastados pola guerra e a maldade humanas. Non quixemos pararnos en Europa e, a través

das páxinas dos libros, sobrevoamos o océano para coñecer as miserias da Colombia de Héctor Abad ou o mundo máxico de García Márquez. Se o ano pasado tiñamos que despedir con tristura a persoas que se despedían de nós camiño da universidade, este ano queremos agradecer a ese grupo importante de lectores, case poderíamos dicir lectoras, que optaron por unirse a nós e acompañarnos nos nosos soños lectores.

Moitas grazas por vir compartir as vosas lecturas, e, por suposto, este agradecemento faise extensivo a todos aqueles e aquelas que levan xa tempo na nosa compañía.



Os membros do club de lectura na biblioteca

Na clase de ciencias da natureza

Alumnado de 1.º ESO

Nas clases de Ciencias da Natureza estudamos todo o relacionado cos seres vivos e coas cousas que ocorren no noso Planeta. Aprendemos como facer cristais de sulfato de cobre e de sal, cal é a fauna de Galicia, as diferentes plantas e árbores dos nosos bosques e os froitos que producen... Tamén fomos ao laboratorio en varias ocasións para calcular a densidade dalgúns minerais ou para descubrir diferentes tipos de células grazas a un microscopio.

Ao longo do curso fixemos algúns traballos escritos que aumentaron a nosa curiosidade pola ciencia. A profesora propúxonos que, de xeito voluntario, fixeramos unhas maquetas das células animais e vexetais, porque isto nos axudaría a diferenciar as partes que as conforman. Como premio regalounos cromos de animais e subiunos nota, algo que nos gusta sempre moito. Saíron tan tan ben que fixemos unha exposición na biblioteca do centro para que todo o alumnado e o profesorado puidese ver as nosas creacións.

Un día tamén nos visitou o apicultor Paco Velasco para explicarnos como é o mundo das abellas. Ensinounos varios aparellos que se empregan para extraer o mel das colmeas

e incluso trouxo á aula varias abellas metidas en frascos de cristal para que puidéramos observalas sen correr ningún perigo!!

Ao inicio do curso a profesora propúxose un reto: que ao final, en xuño, a todos e a todas nos gustasen as Ciencias da Natureza. Cremos que está a conseguilo.



Pulmón artificial

Letras Galegas 2014: Xosé María Díaz Castro

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Martaguisela



Casa familiar de Díaz Castro

Xosé María Díaz Castro é o autor que a Real Academia Galega escolleu para conmemorar as Letras Galegas deste ano 2014.



Retrato de Xosé María Díaz Castro feito por Ángela Franco (1º BACH)

Naceu na aldea de Vilariño, concello de Guitiriz (Lugo), no ano 1914 e morreu en Lugo, no ano 1990.

“O universo sería máis pequeno sen ti” é o verso que aparece na placa da casa, abandonada, onde naceu o poeta. E, é que o universo da literatura galega sería máis pequeno sen Xosé María Díaz Castro. A pesar de publicar un só libro, *Nimbos* (1961), a calidade deste convérteno nun dos poetas máis significativos das letras galegas do século XX.

É a súa unha cuidada poesía que, ademais, contén unha gran forza expresiva. Preocupado polo ser humano e os seus problemas, Díaz Castro deixounos un dos poemas máis coñecidos e citados da nosa literatura, o titulado “Penélope”:

*Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus sonhos non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.*

Porque a Díaz Castro preocupáballe tamén esta Galicia indiferente, que dá voltas arredor de si, como ben dicía Otero Pedrayo. Na súa poesía aparece o amor, a nostalxia, a morte, a relixiosidade... e, como dixemos, Galicia. Como ben di o verso da súa tumba e do monumento da súa parroquia Os Vilares: *a beleza feriume para sempre*.

Sen dúbida, o noso universo literario sería máis pequeno sen o poeta Xosé María Díaz Castro.



Debuxo de Aitana Fidalgo Illescas. Gañadora do concurso de debuxo Letras Galegas 2014

PENÉLOPE

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.
Un bruar de navíos moi lonxanos


che estrolla o sono mól coma unha uva.
Pro tí envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.
Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorbllando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

DÍAZ CASTRO, Xosé María, *Nimbos*, Vigo, Editorial Galaxia, 1961.









Obradoiro de Teatro

E que contan este ano os teatreiros?

Marta Cortés. Directora dos grupos de teatro do IES Martaguisela

Ou como diría Bugs Bunny, *¿qué hay de nuevo? viejo*. De novo as expectativas do grupo **Guetto** ante textos descoñecidos e de vello algunhas obras do recoñecido comediógrafo latino T. Maccius Plautus, e digo vello porque este autor naceu alá polo ano 250 a. C. aínda que a súa obra conserva un valor literario universal que a fai imperecedora e sempre actual, ou iso cría eu. Verán, propuxen dúas obras, *Aulularia* e o *Gurgullo*, e puxémonos a ler os mesmos textos cos que días antes eu concluíra que ese tipo de humor, tan vivo e audaz, tan intelixente, tan á romana, seduciría inmediatamente ós rapaces. Pois non. A pesares de ter visto unha representación en Mérida dunha obra plautina e saír emocionados, rexeitaron interpretala. Botei uns días cavilando cómo era posible que historias tan frescas e cotiás, tan divertidas lles resultasen ós rapaces tan afastadas no tempo e sobre todo, de que se ri a mocidade de agora? E pola contra, cales son as súas inquedanzas? Para responder a esta e outras preguntas ninguén mellor ca eles interpretándose a eles mesmos. Así que o grupo de teatro **Guetto** atreverase este ano cun xénero novo para todos, o monólogo, un cara a cara a brazo partido co público. Son once textos, serios e cómicos, oito, ofrecidos xenerosamente polo seu autor, Maxi de Diego, profesor de Lingua Castelá, escritor e estudoso de Teatro para a mocidade, e que nos animou dende o comezo, agradecido por ter levado a súa obra por vez primeira á lingua galega. Os outros tres monólogos son de factura propia, traidos dos comentarios da realidade dos rapaces. Tentan achegarse con humor e ás veces con cruza ós lastimeiros procesos de cambio que

sufrimos na adolescencia. A soidade, as amizades, a relación cos pais, a autoestima, a busca desesperada de identidade, o compromiso e mesmo as tendencias no atuendo son algún dos temas. Cada un fixo súa cada frase, imaxinando que tipo de rapaz ou rapaza lle estaban a poñer voz. Conectaron deseguida coas mensaxes e a situación do escenario baleiro, só a súa presenza e voz, resúltalles excitante e tenebroso a un tempo.

O grupo **Tocateatro** tamén pasou as súas. Escribíuselle unha obra a medida, despois de ter, con moi mala fortuna, dúas baixas na metade do curso que fixeron inservible a obra que estábamos a ensaiar dende o primeiro. Así que chegan moi xustos de ensaios, ata o punto de considerar varias veces a idea de emprazar a obra para o vindeiro curso. Pero as ganas e a ilusión de todos eles son maiores que o medo ó desafío, sabedores tamén de contar cun público benevolente, de entrada xa gañado para a causa, e que ó longo destes anos tenllo ben demostrado.

Metateatro é una pirueta literaria e teatral, teatro dentro do teatro. Conta a historia dunha compañía teatral disparatada guiada erroneamente polos sonhos de grandeza dun director fracasado e enfurruñado co mundo. Pero é tamén unha historia de superación, de amizades, de risas, de moitas risas que promete esta comedia.

Un ano máis quero felicitar ós meus vinte e tres teatreiros, e moi especialmente ó grupo **Tocateatro**, grazas por crer. Non importa onde cheguemos senón o camiño en grupo que fixemos e ese feito está. Ben o sabedes.

Algúns dos alumnos e alumnas dos talleres de teatro.



Proxecto COMENIUS

Importancia do proxecto COMENIUS no noso centro

Rose M. Deus Seijo (coordinadora do proxecto Comenius)



A gran familia internacional na porta do IES Martaguisela

Moitos son os papeleos e formularios que hai que realizar antes de que un proxecto Comenius sexa asignado a un centro, e é por iso que algúns centros nin pensan en realizalo. ¡Craso erro! Os beneficios que un proxecto desta envergadura supón tanto para o centro como para o alumnado, profesorado e comunidade educativa son inmensos.

En concreto, o noso proxecto Learning and Motivation for a Healthier Future Life púxonos en contacto con xente doutros países como Italia, Grecia, Polonia, Turquía e Austria. No desenvolvemento do mesmo, tocáronse temas relacionados cos hábitos alimenticios, a cadea de produción dos alimentos e formas de motivar aos rapaces a que teñan hábitos de vida saudable, ademais da construción dun invernadoiro no que o alumnado plantou tomates, leitugas, eneldo e perexil. No segundo ano do proxecto elaboraron pratos tradicionais, fíxose unha presentación powerpoint do noso país, recompilaron xogos tradicionais e mostraron bailes tradicionais. ¡E como non, o noso Flashmob!

As viaxes aos distintos países foron as que máis motivaron ao alumnado e onde realmente se empezaron a coñecer, manténdose en contacto uns cos outros no Facebook do proxecto, intercambiando fotos e experiencias.

Recordamos as viaxes a Katowice (Polonia), Caserta (Italia), Viena (Austria), Volos (Grecia) e Estambul (Turquía) con agarimo. O que empezou sendo un proxecto sobre o papel cobrou vida mediante o contacto cos participantes e acabamos sendo unha pequena gran familia Comenius.

Sen dúbida este non será o último proxecto internacional que realizaremos no noso centro pois grazas á colaboración de alumnado, profesorado, pais, nais e autoridades locais implicados durante toda a realización do mesmo, fixeron que este labor de integrar a nosa pequena vila nun mapa inmenso de Europa merecese a pena. Grazas a todos!

A Viena!

Nicolás Coba (1º BACH A)

O día 22 de setembro ás tres da tarde chegamos ao aeroporto de Viena. Collemos o tren cara ao colexio, que estaba no barrio Simmering, onde nos esperaban as familias. Andrea foi cunha rapaza chamada Gabi, Sara con Julia e Víctor e mais eu fomos con Sophie á mesma casa. Rose e Elva durmiron nun hotel co resto dos profesores. Ese mesmo día fomos á Ópera de Viena, a ver unha ópera rodeados de xente de clase alta e con roupa elegante. Houbo un descanso entre a primeira e a segunda parte, pero nós perdémonos e non puidemos acabala. Despois ceamos no McCafé con todos os do Comenius.

O luns fomos ver un invernadoiro e comemos comida típica. O martes visitamos o centro de Viena e fomos cos italianos, turcos, gregos, polacos, algúns austríacos e nós. Tamén fomos ao parque de atraccións e subimos á Nora. O mércores visitamos unha fábrica de café e ao centro outra



vez. O xoves e o venres foron días libres que aproveitamos para estar cos que mellor nos levamos. O venres marcharon os gregos, polo que o xoves tivemos unha cea de despedida e o mércores á noite fomos a un concerto de heavy metal nunha vila na que actuaba Nlaus e o seu grupo. O sábado á mañá deixamos Viena e chegamos ao Barco sobre as doce.

Proxecto COMENIUS



Todo empezou con aquela noticia

Noelia Batista Ferreira (1.º BACH B)

Cando nos dixeron que había un proxecto chamado Comenius, que nos permitiría viaxar e recibir a xente doutros países, a primeira expresión de todos foi unha cara de sorpresa e logo, por suposto, emoción á vez que medo ao descoñecido. A experiencia dos compañeiros e compañeiras non a podo contar, xa que non sei como a sentiron, pero si podo explicar o que sentín eu. Tiven que esperar ata febreiro de 2014 para ver a toda esa xente da que os meus compañeiros falaban marabillas, e antes de nada afirmo que non se equivocaron.

Recordo o primeiro día, viñeron ao instituto para logo dar unha volta polo Barco e rematar no concello. Un montón de xente estraña, cada un co seu idioma, mirando ao seu redor con cara de asombro.

Pasaron os días e con eles as excursións aos lugares programados, e, por casualidades do destino tiven a gran sorte de poder ir a unha delas, a Santiago. Saímos do instituto ás 8:00 h., no autobús aprendemos unha canción grega, cantamos e rimos, as risas non faltaron. Chegamos a Santiago e visitamos a catedral e toda a parte antiga, logo fomos comer. A comida..., da comida só podo dicir RISAS e AMIZADE. Despois déronnos tempo libre e alí comezou a "festa". Bailamos nunha rúa estreita, onde a xente se paraba para mirarnos e algún paparazzi que outro sacounos fotos, seguimos co baile ao carón duns músicos que andaban a tocar na rúa (moi ben, dito sexa de paso), gravamos un vídeo nun paso de peóns, digno de ver e, para rematar, fixemos o noso apoteósico e inimitable flashmob coa catedral coroándonos detrás. Pasámolo como nunca. Pero como todo o bo se acaba, e todo o que vén, vai; eles tiveron que marchar. Nunca pensei que en tan pouco tempo se lle puidese coller tanto cariño a alguén. Supoño que isto é todo, un pequeno resumo do que vivimos aquel día, aínda que por moito que conte, non se sente se non se vive. Pero unha cousa teño que

deixar clara, e é que a clave de todo foi a grandísima xente que veu, os momentos que pasamos e a fantástica relación que se creou e que desde entón temos. Desde o día que pisaron España, **SOMOS A GRAN FAMILIA INTERNACIONAL!**



Viaxe ao mundo clásico!

Elisa Fernández (1º BACH A)
Ana Carmen García (1º BACH A)
Raquel Fernández (1º BACH B)

O catro de novembro saímos desde Ponferrada ás 12:30 da noite para Grecia. Cando chegamos a Volos, o único que pensabamos era en durmir, a nosa viaxe foi moi longa e estabamos moi cansas. Ao día seguinte, xa empezamos con forza ás oito da mañá, fomos ao concello, onde o alcalde nos deu a benvida. Visitamos Makninitza, unha vila típica grega, situada nunha zona montañesa. Estaba chea de camiños de pedra puída e podías esvarar e caer moi facilmente. As casas eran brancas, pequenas e con unhas vistas de Volos preciosas. Alí foi onde probamos o yayiki, unha crema feita con iogur mesturado con outras especias. Untábase con pan e estaba moi rico! Polas tardes saíamos cos nosos compañeiros do Comenius a tomar algo e pasar o tempo. Había moito ambiente pola cidade e xuntabámonos nun paseo que bordeaba todo o porto. Tamén visitamos Salónica, aínda que soamente paramos a comer, xa que estaba moi lonxe de Volos, tardábase catro horas en chegar. O último día, despois de practicar na casa, cociñamos o noso prato típico de España, a tortilla, e compartimos unha gran cea xunto cos demais compañeiros, que tamén participaron. Na mesa estaban todos os pratos máis representativos de cada país. Finalmente, rematamos a velada bailando música tradicional grega. Foi moi difí-

cil aprender os pasos de baile, aínda que levamos un bo recordo da súa cultura. Ao día seguinte saímos de Volos cara a Atenas e despedímonos de todos. Alí só puidemos ver a Acrópole, xa que ao día seguinte collemos o avión cara a España. Foi unha experiencia moi divertida e esperamos volver a encontrarnos con todos os amigos que fixemos alí.



Istanbul, seni seviyoruz

Alba Pardo Martínez (1º BACH B)

O pasado seis de abril comezou unha das maiores e máis increíbles viaxes da nosa vida, "Istambul", e por suposto xuntas e acompañadas polas nosas profesoras de inglés, Milagros, Rose e, como non, Antonio Banderas. O primeiro día estabamos asustadas pola súa forma de vida, os seus costumes, as comidas, pero en pouco tempo encontrámonos todo o seu encanto en cada detalle. É un país moi peculiar, cheo de culturas de todo o mundo, xente de miles de procedencias distintas, bandeiras coa media lúa e a estrela por toda a cidade, tendas de teas para a túa roupa, e sen olvidarnos dos condutores kamikazes, o que converteu todo nunha gran aventura. Coñecemos xente doutros países como Italia, Austria, Polonia, Grecia e tamén algúns turistas españois. A súa xente foi moi hospitalaria connosco e facía o imposible por facernos sentir como na casa. Finalmente, aínda que as comidas eran moi picantes e totalmente incomparables coas nosas, gustáronnos moito, ao igual que a súa música e os seus divertidos bailes e o sorriso e o saúdo que nunca faltaba, aínda que non nos entenderamos, nós tamén aprendemos cousiñas do seu idioma. Foi unha experiencia inolvidable (aínda que moi curta) e un intercambio de culturas impresionante; sempre o recordaremos co maior dos sorrisos.
Istanbul, seni seviyoruz

Graduación 2014

PARA VÓS, QUE NOS DEIXADES ESTE CURSO... Hoxe é 30 de maio, o día despois do acto de despedida do noso alumnado de 2.º de Bacharelato. Todo o profesorado do Martaguisela sabía que erades alumnos e alumnas imaxinativos, cariñosos, ilusionados coa vida, loitadores, sensibles... Pero onte demostrásteo dun xeito inesquecible. Estabades guapísimos. Cos vosos vestidos de festa, coas gravatas das cerimonias. Era un día especial: grande para vós, grande para as vosas familias e grande tamén para nós, porque vos vimos medrar entre curso e curso ata convertervos no que sodes hoxe: mozos e mozas alegres, intelixentes, agradecidos, cun gran sentido do humor e con ganas de comervos o mundo.

Ontes, cando viamos as vosas fotos das viaxes, da infancia, das fichas de 1.º de ESO cando chegastes ao Martaguisela, vin a compañeiros e compañeiras que se emocionaban e que non podían conter as bágoas. Penso que naquel momento todos nos sentimos orgullosos de pertencer a este centro e, sobre todo, experimentamos a grande felicidade que nos dá esta profesión. É certo: en ocasións o profesorado sofre moito cando a marcha da clase resulta complicada porque falades como cotorros (e vós falar, falabades moito...) ou cando, logo de repetir cen veces o mesmo, de escribilo na pizarra e berralo dez veces,

non conseguíamos que entrase naquela cabeceira. Pero, a fin de contas, despois de vervos onte tan ilusionados, tan felices e tan agradecidos polo traballo que fixemos "xuntos" podemos dicir que temos a profesión máis bonita do mundo.

Grazas mociños e mociñas pola vosa contagiosa alegría de vivir. Grazas porque moitas veces resististes as nosas broncas e os nosos días de mal humor. Mil grazas polas vosas sorpresas que tanto nos alegran a vida (a última espectacular con esa C-15 tuneada agardando na porta do instituto). E ADIANTE, ADIANTE, ADIANTE SEMPRES. Loitade polos vosos soños con todas as forzas das que sodes capaces. Non deixedes que ninguén vos bote para atrás. E nos momentos de baixón (que virán, seguro), confiade nas vosas posibilidades e pensade que aquí estamos nós, neste recuncho de Valdeorras, coas portas sempre abertas para vos axudar en todo. Porque tamén nós, os vosos profesores e profesoras, algún día, hai moito tempo, tivemos dezasete anos e marchamos do noso pequeno instituto cargados de ilusións e de soños por cumprir. Merecerá a pena a viaxe que vos espera, aproveitádeala.

Foi un pracer compartir estes seis anos con vós. Volve de por aquí e contádenos que tal vos vai. Esta sempre será a vosa casa.

O CLAUSTRO DE PROFESORADO DO IES MARTAGUISELA



...e así chegamos a mañá do día 30!

O tempo pasa vertiginosamente e xa rematou un ano máis. Desta vez, somos nós aos que lles toca dicir adeus e os que se preparan para comezar unha nova etapa da súa vida.

A maioría de nós levamos xa seis anos xuntos. Algúns mesmo desde que tiñamos tan só tres anos. Ao longo destes anos, fomos tecendo os fortes lazos que hoxe en día nos unen e que nos convierten en máis que compañeiros. É sabido que mentres que as vacacións de verán pasan rápido os cursos adoitan facerse longos e pesados, mais agora, botando a vista atrás, dámonos conta de que estes seis anos foron sumamente curtiños e que os imos botar moito de menos. Hoxe, ao igual que moitas outras veces, é o momento de xuntarnos, pero o motivo é distinto ao usual, xa que chegou o día de escribir a nosa carta de despedida, na que vai resultar imposible recoller todos os momentos vividos.

Deixamos de ser aqueles rapaces inocentes que precisaban dos seus pais para calquera cousa, medramos, maduramos e convertémonos en persoas decididas que xa non lle temen a nada. Mais malia iso, todos recor-

damos inevitablemente o noso primeiro día aquí e o cambio que supuxo, pasando de ser os donos do colexio a ser os máis retaquíños do instituto. Así, comezamos a establecer unha serie de hábitos que nos acompañaron durante a nosa travesía, como pasar os recreos recollidos ao calor que nos ofrecía "O Rufino" degustando os seus maravillosos pinchos de tortilla.

Vivimos momentos únicos entre as paredes do Martaguisela: os nervios antes dun exame, as risas cos amigos e mais cos profesores... Moitas horas na casa de facer as insufribles tarefas, tamén moitas horas de estrés. Mais non todo foi estudar e estudar, tamén tivemos momentos de diversión, como en cada unha das viaxes e excursións que fixemos e as festas no instituto.

Esta etapa está a piques de rematar, e se chegamos aquí con medo aínda marchamos con moito máis. Nun par de meses, moitos de nós marcharemos estudar fóra, e por moito que digamos que estamos desexando facelo unha parte de nós resistese a abandonar a protección do fogar familiar. Porque quen

non vai botar de menos ter un prato na mesa con comida quente e deliciosa ao chegar a casa? Ou quen non necesitará dun bico da súa nai nos días fríos de inverno?

Ademais dos nosos pais que foron un apoio imprescindible, tamén tivemos a sorte de contar con grandes persoas que foron guiando os nosos pasos durante esta viaxe. Estamos a falar de todos os profesores e profesoras, aos que sempre viamos como o inimigo, mais que resultaron ser o noso mellor aliado. Rematamos un ciclo, o que significa que nos encamiñamos cara a unha nova etapa, esa para a que xa levamos preparándonos seis anos e que vai supor un gran cambio. Non importa o vivido, non importan os erros cometidos e as oportunidades desaproveitadas. Só importan as nosas ganas de superarnos e de voar moi alto, xa que a chave do noso futuro está ao alcance da nosa man. Cada un de nós xa cumpriu o seu obxectivo aquí, e malia que nos separemos, sempre seguiremos unidos, porque isto non é un adeus, é un ata pronto.

O ALUMNADO DE 2.º BACH.

CURSO 2013-2014

Antigo alumnado

Nerea Bayo González

-Que recordos tes do teu paso polo IES Martaguisela?

O meu paso polo IES Martaguisela estivo cheo de moitos momentos para recordar. O que máis lembro son as excursións, cheas de bromas e risas, momentos interminables na biblioteca repasando antes dos exames, as horas que pasaba mirando o reloxo esperando a chegada das 10:10 ou as 12:10...

-Tes alguna anécdota especial que aínda lembres?

Recordo as trampas que faciamos nas clases de Relixión. Cando íamos corrixir os exercicios Herminio deixábanos a lista para que apuntásemos os positivos e cando se despistaba, collíamos e... ZAS! Os negativos convertíanse en positivos. Non sei por que sería...

-Que é o que máis che gustaba do instituto?

As bromas cos compañeiros na clase, as charlas sen fin cos compañeiros do lado en voz baixa para que non nos escoitara o profesor, as saídas extraescolares, os paseos polo instituto nos cambios de clase e, por suposto, a fin de curso que tanto desexaba durante eses interminables 9 meses de clases.

-Que consello lles darías aos que aínda están no instituto?

Que son anos que só pasan unha vez na vida, que os aproveiten ao máximo, hai tempo para divertirse, pero sen esquecermos do estudo, que nesa temporada é o máis importante.

-Como te sentiches ao abandonar o instituto?

Sentía pena e tristeza por deixar todos aqueles momentos vividos atrás, compañeiros, experiencias... pero tocaba empezar outra nova etapa chea de moitos máis libros, menos tempo de diversión e o peor era que tocaba afastarme da miña familia.

-Que estás facendo ti agora?

Estou na Facultade de Economía da Coruña estudando a carreira de Económicas porque quero formarme para ter un futuro, aínda que a cousa non pinta moi ben para os mozos estudantes españois pola crise actual.

Entrevista de Kevin Bayo (2.º ESO)



Rebeca Barreda González

- Que recordas do teu paso polo IES Martaguisela?

Recordo con moito cariño os meus compañeiros, moitos deles seguen sendo hoxe os meus amigos. Tamén o profesorado (con máis cariño a uns que a outros...).

- Tes algunha anécdota especial?

¡Moitas! Cada día nos pasaban cousas ás que nese momento lles daba moita importancia. Desde as actividades do magosto, as festas para recadar diñeiro para as excursións, as propias excursións... etc. Pero recordo sobre todo unha anécdota. En clase de galego, en 2.º de bacharelato, déronnos un texto para comentar. Eu compartía mesa cunha amiga miña que tiña algo importantísimo que me contar. Lemos o título do texto e pensamos que era un texto que xa fixeramos o ano anterior. Así que nin o lemos nin nada e fixemos o comentario a toda présa, co que nos lembrabamos, para ter tempo de falar das nosas cousas. Total, que na seguinte clase de galego o profesor levounos á parte para nos dicir que tiñamos un grave problema de comprensión lectora ¡e todo era porque o texto non era o que pensabamos! E como non o leramos...

-Que che gustaba máis do instituto?

O mellor do instituto foron os compañeiros. Comezas a te relacionar con máis xente e de forma diferente a como o facías no cole.

- Como te sentiches ao abandonar o instituto?

Sentínme triste cando acabou o instituto, pero con moitas ganas de empezar a seguinte etapa na universidade.

- Que fixeches despois e a que te dedicas agora?

Ao rematar o instituto fun a Madrid para facer a carreira de Enxeñería Técnica Aeronáutica, e agora estou a traballar nunha importante empresa do sector.

- Que nos aconsellas aos que aínda estamos no instituto?

Na parte académica que estudedes para facer o que realmente queredes e non teñades problemas polas notas de corte e esas cousas. E na parte persoal que gocedes moito.

Entrevista de Noelia Barreda (2.º ESO)



María Pilar Illesca Mateo

- Que recordas do teu paso polo IES Martaguisela?

Teño moitas lembranzas, foi unha época tan fermosa e á vez tan amarga por deixar atrás aos amigos do colexio... Hai tanto tempo. Foi nos anos 1985-1986.

- Tes algunha anécdota especial?

Teño moitas, pero sempre recordo con cariño aos profesores que aínda vexo e saúdo pola rúa, penso como envellecéron, e eu con eles. Tamén vexo compañeiros que agora son docentes no IES Martaguisela.

Eu creo que cando nos miramos cada un pensa naquela época, veñen fermosos recordos. Unha anécdota moi simpática foi cando daquela aínda non había ética. O cura permitía que o alumnado que non seguía a relixión católica permanecera na aula. Un deles era moi revoltoso e o cura mandouno coller a porta e marchar, así que el descolgou a porta "literalmente" e marchou. Podes imaxinar as risas que tivemos!!!

- Que é o que fais agora?

Pois cando rematei no instituto fun facer anatomía patolóxica e citolóxica. Cando marchei ía a cegas, con medo como todos pero, cos días, íame pasando o medo. Ías coñecendo a moitas persoas, que agora tamén son moi amigos.

- Como ves o futuro?

Eu creo que como España saíu de guerras, da crise tamén sairemos, pero todos temos que poñer da nosa parte e traballar para conseguilo.

- Que consello lles darías aos que aínda están no instituto?

Que estuden moito, porque aínda así, é moi difícil traballar, e, sobre todo, no que lles gusta. Pero con tesón e loitando todo se consegue.

Nós tivemos unha cea de antigos alumnos e foi fantástico. Animo aos demais a que o fagan, porque os reencontros entre compañeiros son o mellor.

Entrevista de Aitana Fidalgo Illesca (2.º ESO)





Jorge Álvarez Delgado

- Que recordas do teu paso polo IES Martaguisela?

Lembro o instituto con moito cariño e teño moitos recordos bos! Volvería (por un tempo nada máis...) a eses anos! Hai tantos momentos e anécdotas que non sabería escoller un!

- Como se sente un cando abandona o lugar no que estivo durante seis anos?

En parte con pena por deixar tanto a amigos como a profesores cos que tes una relación especial. Pero feliz tamén por abrir una nova etapa da vida.

- Que fixeches despois?

Tituleime en Técnico superior de son. Traballei na Radio Galega en Santiago, e en Televisión Española en Madrid, despois monte a miña propia empresa en forma de tenda de instrumentos musicais e sonorización de eventos: Ton y Son. Teño unha banda de Rock, Trasnochando, cun disco no mercado. E recentemente rematei un Posgrao de Técnico en espectáculos en vivo.

- Que lles aconsellas aos que aínda están no instituto?

Pois que a pesar de como están as cousas non hai que desanimarse, que teñen que facer o que máis lles guste, loitar polo que

queren conseguir, e formarse!! Formarse ben penso que é esencial neste momento.

- Como ves o futuro?

Non creo que vaia ser un camiño de rosas! Pero hai que intentar ser optimistas e contar con que as cousas máis tarde ou máis cedo mellorarán... Esperemos!

Entrevista de Elva Delgado (profesora do IES Martaguisela)



Alba Rodríguez Prada

- Que recordos tes do teu paso polo IES Martaguisela?

Teño moi bos recordos no Martaguisela, coñecín moita xente ao longo dos anos no instituto e fixen moi bos amigos. Ao principio todo era emocionante porque nunca estivera nunha clase con tantos compañeiros e materias que estudar Recordo a todos os profesores e profesoras que pasaron por toda a miña etapa con moito cariño. Foi unha gran experiencia.

- Tes algunha anécdota especial?

Teño moitas anécdotas, pero a que máis recordo é cando empecei 1.º da ESO: todos os meus antigos compañeiros de primaria ían xuntos na mesma aula e a min metéronme soa noutra clase.

Non coñecía a ninguén e non sabía que facer, pero esta experiencia servíume para coñecer xente nova e facer un montón de amigos.

- Como te sentiches ao abandonar o instituto?

Ao principio sentín moita pena xa que tiña moitos recordos e experiencias que non se volverían repetir, pero ao mesmo tempo tiña claro que remataba un ciclo da nosa vida para comezar outro e estaba un pouco nerviosa pola incerteza de como saíran as cousas. Ademais sabía que ía deixar de ver a moitos amigos, pero rematas por acostumar e despois velos con máis ganas.

- Que é o que máis che gustaba do instituto?

O que máis me gustaba eran as excursións e as saídas, ver películas en clase para comentalas despois e cando había representacións de teatro ou musicais no salón de actos, como por exemplo os de Nadal. Tamén os riquísimos bocadillos de tortilla do Rufino e as charlas coas miñas amigas no recreo.

- Que consello lles darías aos que aínda están no instituto?

Que se esforcen en todo xa que grazas a iso poderán conseguir todo o que se propoñan. Tamén que gocen ao máximo, porque o instituto é unha etapa moi divertida e ademais despois pérdese un pouco o contacto con eles xa que normalmente cada un vaíse a un sitio diferente a estudar. Pero, sobre todo, que pensen no seu futuro e que aproveiten ao máximo o tempo para prepararse de cara ó futuro.

- Que estás facendo ti agora?

Estiven dous anos na Coruña facendo un ciclo superior de Educación Infantil, e agora mesmo estou en Madrid facendo a carreira. Opete polos menos xa que desde sempre me encantaron, e espero ser unha boa profesora.

- Como ves o futuro?

Pois agora mesmo... un pouco negro. Todos sabemos que non estamos nunha boa etapa e teño a esperanza de que mellore para que nun futuro todos os nosos esforzos dean os seus froitos.

Entrevista de David Rodríguez Prada (2.º ESO)

Borja Rodríguez: "O meu soño é chegar á Primeira División"

Entrevista de Sandra García (1.º Bach)



Borja Rodríguez Fernández deixounos o ano pasado para cumprir un dos seus soños: xogar no fútbol profesional. Así que este ano fixo a equipaxe, instalouse en Madrid e iniciou a súa carreira futbolística como parte do Xuvenil do Getafe C. F. Quixemos saber como lle vai a vida e conseguimos que contestase ás nosas preguntas, a pesar de que tamén el está nestes días moi agobiado con exames e adestramentos.

- Que tal estás? Como che sentou o cambio de vida?

- Agora estou moi contento, pero ao principio as cousas non saían ben. Sentíame moi mal. Custoume moito adaptarme, foi un cambio enorme porque é moi difícil saír do Barco para meterte nunha cidade como Madrid.

- Mereceu a pena?

- Eu creo que si, porque todo o que levo aprendido e o que estou a aprender agora é moi positivo para min e penso que me axudará moito no futuro. Estou seguro de que nunca me arrepentirei de ter tomado esta decisión.

- Que foi o que máis che custou?

- Adaptarme á forma de estudo deste lugar. A parte futbolística foi o que mellor levei e tamén me adaptei ben ás novas compañías. Pero o tema dos estudos foi o que máis me custou.

- Cántanos que é o mellor e o peor desta nova vida.

- O mellor é que estou medrando moito como persoa, ademais de que coñecín a xente moi interesante. O peor é a nostalgia pola terra, a familia e os estudos.

- Como ves o futuro?

- No futuro véxome neste lugar, xa que xogar na canteira nun equipo de primeira división ten moita saída. Soño con triunfar no fútbol.

- Non estrañas o Martaguisela? Que é o que botas de menos?

- Por suposto que o boto de menos. Moitas veces penso que me gustaría que o Martaguisela fose o meu instituto para sempre. O que máis boto en falta é a familia e toda a xente que levo no corazón. Tamén a todos os meus amigos e amigas, pero en especial a Hugo Rey Estévez.

- Cumpriches algún soño xa? Por exemplo, coñeches xa a futbolistas famosos?

- Grazas a que formo parte dunha canteira de primeira división tiven a oportunidade de coñecer moitos xogadores importantes de equipos como o R. Madrid ou o Barça. Foi algo inesquecible!

- Como é o teu día a día?

- Pois é bastante movido e cansado. Teño adestramento tres veces por semana e os outros dous días vou ao ximnasio. Ademais vou á clase (só pola mañá) e o resto do tempo dedícollo ao estudo.

- Que vas facer o próximo curso?

- A primeira opción é a de continuar en Madrid, xogando. Aquí hai moito nivel e iso é bo para min. Pero non elimino outras opcións. O que si está claro é que o verán pasareino xunto aos meus en Galicia!

- Cal é o teu soño como futbolista?

- O meu soño é chegar á primeira división. Sei que con traballo todo se consegue así que non perderei a ilusión.

Sabedes quen é quen?

Sabedes quen é quen? Aínda que resulte sorprendente estas criaturiñas que tendes aquí son os vosos profesores e profesoras cando aínda non levantaban un palmo do chan. Que tempos aqueles e en que nos convertemos agora... Xogade a descubrir quen se agocha detrás de cada foto e se tendes dúbidas, coma sempre, consultade na sala de profesorado!!



Non todo son saídas


Non todo son saídas e visitas a outros países, tamén hai moita vida dentro do IES Martaguisela. Todos e cada un dos Departamentos didácticos intenta achegar o seu gran de area para que o noso alumnado se implique na vida do instituto e para que aprender non sexa unicamente lograr uns obxectivos marcados polo profesorado.

Para nós é importante conseguir que os nosos rapaces e rapazas sexan no futuro cidadáns formados e críticos, responsables e conscientes do mundo no que viven. Por iso queremos que recoñezan a riqueza natural que os rodea e en relación con este aspecto o Martaguisela realiza unha **exposición de cogomelos** que atrae a alumnado doutros centros do Barco. Outro dos problemas que máis nos preocupa, entre outros moitos, é o da violencia de xénero. Para visibilizalo, este curso 2013-2014 elaboramos un **vídeo** no que participa toda a comunidade educativa e no que pretendemos amosar a parte máis bonita das relacións, fomentando as “boas prácticas” afectivas. Ao mesmo tempo, tamén elaboramos un **mural reivindicando** o bo trato entre xéneros.

Celebramos tamén a **Semana do Libro** cunha **exposición** á entrada do centro na que se lembra a importancia da lectura e cun **obradoiro de maquetación**. Pero como a literatura é tamén un dos nosos grandes intereses, adicamos un **mes completo á poesía**, elixindo cada día un poema diferente, en linguas distintas, para que o alumnado goce desta manifestación literaria.

Conmemoramos tamén a **Semana da Prensa** coa exposición dos xornais elaborados polo alumnado de 1.º ESO e coa **visita da xornalista** de *La Voz de Galicia* Fina Ulloa. Tampouco esquecemos o **Entroido**, que tanto nos diverte, dándolle un lugar relevante ó **entroido de Viana**, tan próximo a nós. E se de festas se trata, tamén gozamos do **magosto** e do **Samain**. Nesta última “festa do terror” empregamos a biblioteca como centro de exposicións para amosar os debuxos realizados polo alumnado de 1.º de ESO e as **novelas de terror e misterio** que temos nos fondos da biblioteca, poñendo ao alcance do alumnado este xénero literario que tanto lles agrada. Non esquecemos tampouco o **Día da Paz**, trinta de xaneiro, nin o **Día de Rosalía**, o vinte e catro de febreiro. No primeiro caso o alumnado de 4.º ESO C debuxou un mapamundi no que se destacaron aqueles países que actualmente están inmersos nun conflito bélico. Para lembrar a Rosalía o alumnado de 3.º ESO elaborou un mural que intentaba semellar un grafiti.

Pero por se o anterior fose pouco, tamén participamos no maratón de lectura de **Vagalume**, realizamos unha exposición dos **instrumentos musicais de Galicia** para recibir aos nosos invitados do programa Comenius e para pechar as actividades da biblioteca montamos unha **exposición de personaxes históricos** que pretende implicar ao alumnado mediante a resolución de preguntas.



O poema do día



Instrumentos de Galicia




Mural de Rosalía de Castro



Contra a violencia de xénero. Mural e vídeo



Actividades



Teatro Lauro Olmo
O Barco
Xuño 2014
Mércores 25, 21:00 h

Textos de Maxi de Diego
e do taller de Teatro Martaguisela

**Guetomonólogos
adolescentes**
Grupo de Teatro IES Martaguisela

Enea González, Víctor Santos, Aida Alcántara,
Saúl Vega, María Adrián, Ana García,
Sergio Caseiro, María Arias, Alba Fernández,
David Gómez, Patricia Cao.



Vémonos o vindeiro curso

Bo verán!

Teatro Lauro Olmo
O Barco
Xuño 2014
Xoves 26, 21:00 h

METATEATRO
Grupo de Teatro do IES Martaguisela

Erais Lemesal
Jeremías Simón
Lucía Manzano
Alejandra Estévez

David Estrinero
Manuel Azra
Sara Estévez
Eva Ilay

Francisco Alvarado
Ana Cal
Arancha Fernández
Sara del Real